

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso no desenvolvemento da Lei 10/2014, de accesibilidade

Expediente: G.6.Q/930/18

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo ao retraso no desenvolvemento da Lei 10/2014, de accesibilidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que se incumpriu o prazo legal para o desenvolvemento mediante decreto da Xunta da lei de accesibilidade galega. Isto provoca graves prexuízos para todo o colectivo de persoas discapacitadas por incumprimento gravísimo das prazas. Tiñan dous anos e van case catro.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... A este respecto, dende esta consellería, debemos por énfase en que o benestar da cidadanía e a erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con máis dificultades constitúen piares esenciais da política social Xunta de Galicia. Con esta intención, tivo lugar a aprobación da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, que entrou en vigor en marzo de 2015.

Esta Lei 10/2014 introduce importantes cambios no eido da sociedade da información (TIC, páxinas web...) e as telecomunicacións. Deste xeito, a normativa ten un enfoque máis global e un alcance superior ao da anterior normativa, que databa do ano 1997 e que a partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico.

Por parte da Consellería de política social estase a traballar na actualidade nun texto mediante o cal se levará a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto na Lei. Sen embargo, a elevada complexidade técnica da materia está a provocar un retraso respecto da previsión inicial contemplada na disposición final primeira da citada norma.

Como sinalamos, a nova normativa de accesibilidade supón un importante cambio de enfoque na materia respecto da regulación anterior. Esta nova regulación resulta moito máis ambiciosa, destacando o seu carácter global, o cal determina unha maior incidencia desta en multitude de ámbitos, o que conleva que se deba extremar a atención aos traballos preparatorios, estudos e análise das situacións sobre as que se vai proxectar, de cara a elaborar un texto que responda aos elevados estándares de calidade esixidos e dea axeitada resposta aos obxectivos da lei.

O coidado na preparación do proxecto de decreto enfatízase ao tratarse dunha regulación que afecta a unha multiplicidade de colectivos de persoas moi sensibles, tanto a nivel persoal coma social.

A maiores, debemos indicar que o texto da lei foi consensuado tanto na súa redacción inicial, como no seu trámite parlamentario, coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os diferentes grupos parlamentarios.

Deste xeito, a elaboración do seu desenvolvemento por parte desta consellería responde á mesma intención de procurar a máxima colaboración e consenso entre todos os sectores e colectivos afectados, o cal determina, pola súa propia natureza, a necesidade dun maior tempo de elaboración, debido ás múltiples consultas, suxestións, comunicacións, etc.. que se están a levar a cabo de cara a acadar un texto que responda, de xeito satisfactorio, as necesidades dos colectivos aos que vai dirixido, todo isto dentro dunha filosofía de transparencia e participación.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, e máis aló de limitarse ao desenvolvemento da Lei, esta Consellería continúa a traballar para que a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, sexa un principio e un criterio básico na práctica cotiá, de xeito que todas as persoas poidan acceder en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible, a calquera contorno, servizo, produto..., é dicir, que o conxunto da poboación, con independencia das súas capacidades, teña acceso aos mesmos.

Así, estanse a tomar múltiples medidas e actuación aos efectos de dar resposta as necesidades de persoas con problemas de accesibilidade. Compre aquí destacar a aprobación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, e que comprende 6 liñas estratéxicas de actuación, senda unha delas a Liña de Accesibilidade que ten como obxectivo estratéxico asegurar a accesibilidade universal que faga posible a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos en igualdade de condicións que o resto da poboación.

Como exemplo do anterior está o programa de subvencións aos concellos galegos para a mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público (cofinanciado polo programa

feder 2014- 2020), que convoca a Dirección Xeral de Maiores e persoas con Discapacidade. Trátase dunha liña de axudas que ten por obxecto a execución de obras de mellora para garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e de obras e intervencións para eliminar as barreiras de comunicación en edificios destinados a prestación de servizos públicos e tamén nos espazos públicos, así como a adquisición e instalación de equipamento para garantir a accesibilidade nos ditos edificios e espazos, en réxime de concorrencia competitiva, e prestando atención, ademais ao número de habitantes maiores de 65 anos residentes no concello solicitante e tamén a persoas con discapacidade que residan no mesmo, xunto con outros criterios de valoración como é o da poboación total do concello, entre outros.

Para esta orde de axudas destináronse nos anos 2016-17 unha partida orzamentaria de 1.800.000 €.

Este é a primeira vez dende 2009 que se convoca esta liña de axudas, e a intención do Goberno galego é que teñan continuidade, posta que ven a dar cumprimento a unha das abrigas que se asume na citada ESGADI, en tanto que con ela se contribúe a dar resposta a un dos obxectivos prioritarios da mesma como é o de asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural.

Asemade, nos últimos anos a Consellería de Política Social ven dedicando un importante esforzo orzamentario na adaptación das distintas infraestruturas como albergues xuvenís, residencias, etc, pero na liña do exposto anteriormente e de cara o futuro seguiranse orzamentando partidas de cara seguir avanzando na accesibilidade universal co obxecto de frear comportamentos discriminatorios e así favorecer a igualdade de oportunidades. Así, e en canto aos equipamentos adquiridos para as distintas instalacións da Consellería de Política Social, podemos falar desde sillas anfibus ata sillas de ducha totalmente automatizadas que permiten unha vida completamente autónoma de moitos usuarios que se este soporte instrumental non poderían levala, sen olvidarnos das diferentes sinalizacións visuais e sonoras.

Cabe enfatizar que adaptar os espazos a lei de accesibilidade non soamente implica a colocación de "stándares" que todo o mundo coñece (rampas, baños adaptados...) senón a supresión de calquera elemento arquitectónico ou paisaxístico que dificulte/impida o acceso dos cidadáns ás dependencias en condicións de igualdade. É por isto que, a mellora da accesibilidade pasa por mellorar unha fenda no chan que poida xerar unha dificultade para un usuario en cadeira de rodas ata ampliar os espazos e dependencias administrativas para non xerar prexuízo a aqueles usuarios que necesitan un ámbito de movemento máis amplo para desenvolver as súas rutinas, pasando por sinalizar bancos de maneira acústica ou visual, o simple ubicar o mobiliario nas zonas que menos dificulten o paso e a vista. A "accesibilidade" non é sinónimo de "facilidade de movemento físico". Vai moito máis alá, é

sinónimo de garantir un equilibrio arquitectónico e paisaxístico que impida que se produzan desigualdades nas condicións de acceso e percepción.

Outras medidas que se están levando a cabo pola Xunta de Galicia en coordinación coa Consellería de Política Social, para dar cumprimento ao relativo ás condicións de accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda, a Xunta de Galicia ten convocado as seguintes axudas entre as que se atopan, actuacións subvencionables en materia de accesibilidade:

- Subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVita: Plan galega de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se convocan para o ano 2017.

Subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Axudas financeiras, para a anualidade 2017, do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual.

Axudas autonómicas previstas para o programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos polo Instituto Galega da Vivenda e Solo, así como dos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, regula no seu título 11 "Das vivendas protexidas e de outras actuacións protexidas", capítulo 11 "Do réxime xeral

das vivendas protexidas" e, en concreto, no seu artigo 74, as posibles reservas nos procedementos de adxudicación de vivendas de promoción pública.

Entre os colectivos susceptibles de aplicación da dita reserva atópanse as unidades familiares ou de convivencia con "mobilidade reducida de algunha das persoas integrantes da unidade familiar ou convivencia cun grao de minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%", e fixa a porcentaxe máxima de reserva nun 30% das vivendas ofertadas.

Polo que se retire ás vivendas de protección autonómica incluídas dentro do marco do programa autonómico de desenvolvemento do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, no ámbito de la Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación da superficie máxima das vivendas de 90 a 120 m² establecida por primeira vez no plan 2009-2012 fixo innecesaria a reserva de vivendas para persoas con discapacidade do plan anterior nas que se permitía ampliar a superficie de 90 a 108 m²•

No ámbito turístico estanse xa a impulsar a través do plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago, un conxunto de iniciativas específicas, nos aloxamentos, restaurantes, sinalización, etc, para a mellora do turismo accesible no destino Galicia, deseñando así unha oferta de produtos de turismo accesible, diferente e atractiva para o mercado turístico, proporcionando ao sector turístico galega o soporte e ferramentas adecuadas para avanzar de cara a acadar a accesibilidade universal, situando a Galicia na primeira liña como destino de turismo accesible no mercado nacional e internacional.

A Xunta de Galicia tódolos anos incrementa o orzamento dedicado a este ámbito porque a accesibilidade e un proxecto de mellora continua. As veces as barreiras son invisibles e soamente as percibe o prexudicado, polo que o enfoque da actividade administrativa e desta Consellería en concreto pasa por conseguir un efecto "insight" nos nosos usuarios e en tódolos colectivos en situación de especial vulnerabilidade por ter problemas de accesibilidade.

Todas as políticas aplicadas pola Xunta de Galicia e concretamente por esta Consellería recollen e internalizan os principios de accesibilidade, polo que, todo o noso orzamento se executa de modo xeral en mellorar os obxectivos recollidos na Lei e concréntanse algunhas actuacións máis específicas que son as que ao final coñece a opinión pública.

A propia pregunta nos da a resposta, a accesibilidade ostenta unha dimensión preventiva ampla e outra correctiva, todas as nosas actuacións constitúen inversión en accesibilidade, porque é un dos grandes obxectivos perseguidos por esta Consellería.

Por outra banda , a Xunta de Galicia e, concretamente esta Consellería pode garantir que se está a traballar en continuo neste extremo. Non é unha cuestión de inventario, (cantas salas,

cantos asentos, que número de sinais acústicas...), senón un proceso de mellora continua no marco dunha Política Integradora desde un punto de vista correctivo e preventivo.

O entramado de Centros que dependen desta Consellería e obxecto de inspección e melloras día a día, polo que, dificilmente habería instalacións que impidan aos individuos exercer os seus dereitos con plena autonomía física, psíquica e sensorial.

Polo tanto, dende a Consellería de Política Social, estudamos, diagnosticamos, implementamos as medidas e melloramos as condicións de integración física, psíquica e sensorial en tódolos nosos centros.

Para rematar, nese compromiso que ten o Goberno galego, cómpre que todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, traballen a reo para que accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía sexa unha realidade, polo que, tendo en conta as consideracións iniciais e dando resposta a pregunta formulada, este goberno realizará todos os esforzos necesarios para a súa publicación neste ano”.

ANÁLISE

1. Co informado confírmase que o decreto de desenvolvemento da Lei 10/2014, de accesibilidade, atópase amplamente retrasado. A Consellería de Política Social di que está a traballar nun texto -debe entenderse que nun borrador-, pero a súa complexidade técnica provoca o retraso que recoñece. Sinala tamén que está a coidar a colaboración e o posible consenso dos sectores afectados mediante consultas e comunicacións, o que xustificaría o retraso.

Porén, o retraso respecto do prazo legal para a aprobación do decreto é evidente, sen que o que se menciona (complexidade, diálogo cos sectores afectados ...) poda terse como xustificación. Os traballos deberían terse planificado, comezado e executado con anterioridade; o prazo legal era o suficientemente amplo como para telo cumprido sen as dificultades que agora se apuntan.

Efectivamente, a disposición derradeira primeira da Lei 10/2014 (desenvolvemento regulamentario) sinala que no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, a Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento e o código de accesibilidade que conteña todas as normas técnicas aplicables na materia. No regulamento e no código de accesibilidade que se aproben en desenvolvemento desta lei deberán adoptarse, como mínimo, para definir a condición de accesible, os parámetros de accesibilidade que se definen no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e na súa normativa de desenvolvemento. Previamente á aprobación do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade, e ademais dos ditames previos necesarios,

tales instrumentos normativos deberán ser obxecto de informe polas entidades locais a través dos seus órganos representativos, naqueles aspectos en que poidan resultar afectadas.

A citada disposición derradeira foi incumprida, posto que o prazo previsto venceu hai tempo, e ese incumprimento permanece, sen que se coñeza a data concreta ou aproximada na que se aprobará o decreto.

2. Para trasladar ao Parlamento de Galicia e a toda a sociedade a situación da accesibilidade en Galicia realizamos un informe especial ou monográfico sobre a materia que será presentado en breve. Asinamos un convenio de colaboración coa Fundación ONCE, COGAMI, FADEMGA-Plena Inclusión e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para que realizaran as comprobacións e conclusións do informe. Estas entidades de apoio social agrupan e representan á gran maioría das persoas con diversidade funcional e ás súas familias ou cuidadores en Galicia. Tamén facemos as nosas propias achegas, entre as que se contará a necesidade de dar cumprimento urxente ao previsto na disposición derradeira primeira da Lei 10/2014.

3. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se cumpran os trámites pendentes para a aprobación do regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, de accesibilidade, que se atopa moi retraso, o que ocasiona prexuízos ás persoas afectadas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo. Recórdolle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo